

ENTREVISTA: Luces REXINA VEGA Premio Xerais 2007

"O que me molesta da cultura galega é a paranoia"

ÓSCAR IGLESIAS 14/12/2007

Cardume pasou algunhas recensións como novela de Guerra Civil. Éo dun xeito particular. No rescate da memoria familiar, partilla idea c'*Os fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille. Mais aquí os tres personaxes que entrecruzan a historia, que narra a neta, son un falanxista, un futuro residente en Newark -o gran personaxe da novela- e un escritor "de ultimísima fila", Urbano Rodríguez Moledo, dramaturgo filsocialista vencellado ás Irmandades e primo dunha avoa súa.

A autora, especialista en Cunqueiro, xa era coñecida no ámbito da tradución e da crítica literaria. De Barcelona, onde foi alumna de Claudio Guillén, chegou hai cinco anos. De volta na Ramallosa decidiu asumir as "contas pendentes". Tivo fillos e concibiu unha novela viguesa "coa educación sentimental da nena criada polos avós".

Pregunta. "Pensaba que o desexo de ser escritora ía apodrecer dentro de min", dixo na festa do Xerais. Non está a xente afeita a tanta sinceridade.

Resposta. Ao que non estou afeita é a ser suxeito da noticia. Non sei qué custo ten dicir a verdade cando unha é autora, pero interésame dicir as cousas como as penso. Non teño idade para impostar personaxes [ri].

P. Como atopou o manuscrito de Urbano Rodríguez Moledo?

R. Foi casual, a novela case estaba rematada cando o atopei. Investiguei nas bibliotecas e nos arquivos familiares, pero nunca imaxinei que atoparía no Arquivo Militar de Ferrol o expediente onde figura *traxedia manuscrita* como proba inculpatória. A Urbano acusáranos de liderar a resistencia no barrio de Lavadores.

P. De que xeito repartiu ficción e memoria familiar?

R. Hai feitos históricos que manipulei para que quedase mellor a historia. No libro imaxino que Urbano estaba pendente de estreir o seu drama costumista o 18 de xullo do 36, no Teatro García Barbón, e despois atopei que efectivamente foi así... A escena homosexual xa estaba inventada cando achei cartas que verificaban a orientación do falanxista. Quixen recrear a memoria familiar sen literaturizala. Tiña a sensación de que esa historia precisaba ser contada de xeito coral, sen un personaxe concreto, como a atmosfera daquel tempo pasado, coa prensa da época escribindo decote aquilo de *Vigo british*.

P. Recoller a memoria familiar de xeito expreso non é un recurso común no tratamento novelístico da guerra en Galiza.

R. Eu creo que se houbese que falar de xénero, habería que falar do espazo híbrido da escritura da memoria. Chámame a atención, na acollida da novela, a tradición da Guerra Civil como elemento de distorsión, esa idea de que ese tema está moi visto. E estaría moi visto se fixeramos literatura memorialística. Para min *Home sen nome*

[a novela de Suso de Toro] ninguneouse polo tema da Guerra Civil, sendo unha variación de cerne moral inédita sobre o tema do verdugo. No meu caso a guerra está aí para ver de que maneira elaboramos a nosa memoria, que tampouco está tratada.

P. Tampouco é que España reborde de ensaios transversais ao respecto, descontando os relatos de Aubou Ayala.

R. En España debería haber un subxénero específico *Guerra Civil*. Se fosemos franceses estaríamos asulagados de reflexións sobre o tema. Por que seguen saíndo tantos títulos? Os autores non somos tan cínicos para escribir porque é o momento. En realidade é un proceso de decantación, hai unha xeración

que necesita dicirse iso. Littell gañou o Goncourt falando da II Guerra Mundial. Aquí aínda vivimos na anorexia desde o punto de vista filosófico ou da psicoloxía de masas.

P. Sae a CNT pero non se esmaga xente en Lavadores, e ninguén encarna as faccións de Risco e Peña Novo. Quixo fuxir dos arquetipos?

R. A min interésame a análise da condición humana. Máis cás grandes ideas, quero saber como viven as grandes ideas os personaxes marxinais do discurso histórico. As coseduras despuntan nas situacións límite, e penso que ese afán tan humano de transcender unhas biografías escuras tamén é algo visible na novela.

P. Cre realmente que a súa é a última xeración que se ocupará da guerra antes de que empecen a saír novelas históricas?

R. Non o sei. Cando estea todo dito, poderemos asumilo. Hai que arquivalo todo e facer unha lexislación cabal, non un compango como a Lei de Memoria Histórica. Sempre que se produce unha gran infamia, necesítase saber por que se produciu. Que tanta dor fose para nada vai contra a xustiza poética. Perek, con toda a familia asasinada polos nazis, ideou a súa obra como restitución e desquite ante a Historia. Ese é un dos grandes poderes da literatura.

P. Recoñece trazas de Cunqueiro?

R. A novela está sementada de frases de Cunqueiro, mais o libro que tiña na cabeza cando fixen o meu é *Vidas minúsculas* [a novela de Pierre Michon]. A idea de reflectir as grandes peripecias a partir do entretecido das historias comúns.

P. "Na literatura galega todo pasa antes ou despois de América [...] A diversión sempre queda fóra de encadre. Puto país, triste literatura", escribe.

R. É unha declaración de intencións, un xeito de concibir tanto o oficio da escritura coma o sistema literario do país. A min o que me molesta da cultura galega é a paranoia, unha crenza de estar sempre por debaixo e non situarse de igual a igual. Hai que intentar abrirse sen complexos, non pensar en capelas. En literaturas máis grandes, con espazo para circular, hai recantos periféricos con discursos marxinais. Aquí non. Ou estás nun grupo ou na contra dun grupo, e ese discurso equivale a a dicir que hai misións que cumprir. Estás asumida.

P. Como pensa que evoluiu o sistema literario?

R. Xa pasou o tempo desde González-Millán acoutara as famosas condicións para acreditar nun sistema literario galego, mais outra cousa é definir que tipo de literatura somos. Sobredimensionada, porque o país é pequeno e igual se lle presta demasiada atención a algunhas cousas. Á Xeración Nós no ensino, por exemplo, cando arestora é unha burrada terlle que explicar Risco aos rapaces. E isto convive cunha atención desmadrada polo novo e polo de muller [acenea] nos medios de comunicación e nas esquelas.

P. Como cre que funciona ese sistema?

R. Aprézase niso mesmo; hai publicistas, móvense fíos. Apostouse á carta da poesía e da muller como elemento diferencial, e iso é unha clara manipulación; en realidade, un criterio de mercado que se quixo xustificar intelectualmente. E a cuestión é que, facéndoo, xustificamos os esencialismos. Ser muller, ser poeta...

P. Ten teoría feminista?

R. Resúltame moi difícil crer nunha teoría feminista, outra cousa é que me interesen moito as teorías *queer*. Agora estou lendo *Teoría King-Kong*, o último libro de Virginie Despentes. Sendo evidente que sexo e bioloxía están cada vez máis separados, trátase de desdramatizar. A identidade sexual pode ser calquera.

P. Que prepara agora?

R. Unha novela sobre a enfermidade mental. Agora que me achego á literatura, a miña idea é que as

04/12/2009

"O que me molesta da cultura galega é ...

historias que conte sirvan tamén para min. Estou niso.

A conversación remata co frío, falando do galego no ensino. Unha síntese posible en clave de futuro: "Isto só se salva co portugués nas escolas e o galego como variante local". "Se Galiza ten valor como sociedade e como cultura", di Vega, " é porque somos un territorio *tex-mex*".

© EDICIONES EL PAÍS S.L. - Miguel Yuste 40 - 28037 Madrid [España] - Tel. 91 337 8200